

Crónica: “A horta na cidade” (Primavera Ambiental 2013)

O pasado mércores 10 de abril tivo lugar na E.T.S. de Arquitectura a primeira das actividades contidas dentro da III Edición da Primavera Ambiental, un ciclo de conferencias e obradoiros organizados pola Oficina de Medio Ambiente en colaboración con ADEGA.

A actividade que leva por título “**A horta na cidade**” consistiu nunha conferencia a cargo de Isabel Barrio Botana, da Asociación Galega de Horticultura Urbana (AGHU), seguida dunha visita ó proxecto de compostaxe comunitaria da UDC, e por último a preparación dunha mesa de cultivo.

Na conferencia, Isabel Barrio explicounos os pros e contras dos diferentes tipos de hortas urbanas, dende as máis básicas (maceteiros, mesas de cultivo en balcóns) ate outras que implican unha maior participación e dedicación, como os xardíns comunitarios, solares urbanos e as fincas dentro ou preto da cidade.



Tamén nos deu unhas nocións básicas de técnicas de cultivo nun contorno urbano facendo incidencia en aspectos como a falta de espazo, o cultivo ecolóxico, o tipo de substrato a utilizar, o uso dos composteiros caseiros, os emprego de cultivos en sucesión, a asociación de plantas, e en como previr pragas e enfermidades. Por último, falounos dos valores da horticultura urbana entre os que podemos destacar a alimentación ecolóxica, a produción para o autoconsumo, o modelo de vida sostible, e a seguridade alimentar.

A actividade continuou cunha visita aos composteiros situados no exterior da Escola de Arquitectura, onde Manuel Soto, director da OMA, explicou aos e ás asistentes o funcionamento do proxecto de compostaxe na Universidade.

Mentres ensinaba as instalacións contou cómo se fai o compost; dos residuos do comedor de arquitectura sepáranse os orgánicos, bótanse nos composteiros e engádesse tamén material estruturante (restos de podas e arbustos triturados). Trás un tempo mínimo que pode ir de 2 a 4 meses, xa temos o



compost para utilizar na nosa horta. Ao finalizar a actividade repartíronse bolsas de compost e manuais de compostaxe caseira entre as persoas asistentes, coa intención de divulgar a compostaxe e animalos a practicalo nas casas.

Para rematar, entre todos coas indicacións de Isabel Barrio (AGHU) levamos a cabo a posta a punto dunha mesa de cultivo. Para iso engadimos fibra de coco mollada no fondo e mesturámola cun compost maduro. Despois cubrimos a mestura co compost producido nos composteiros da UDC, ate reencher por completo a mesa. Unha vez preparada a superficie de cultivo, preséntase as plantas enriba para organizalas en función da compatibilidade das especies e dos ciclos de crecemento e procedemos a plantalas. Plantáronse leitugas, tomates, pementos, allos, calabaciño, brecol, cebolas e plantas aromáticas (lavanda, tomiño, alfabaca, perexil). Unha vez plantadas hai que regalas para o que é convinte non facelo sobre a planta senón ó redor da mesma.



A actividade foi seguida por un amplo número de participantes, que quedaron moi satisfeitos coas explicacións obtidas e tiveron oportunidade de resolver tódalas súas dúbidas en canto ás hortas urbanas e a compostaxe caseira.

Por diante queda o seguimento da nosa plantación e a posterior colleita das hortalizas, así que manterémovos informados!

Podedes ver máis fotos no seguinte enlace:

- <http://www.facebook.com/media/set/?set=a.473130482759125.1073741825.118001034938740&type=1>

Outras ligazóns:

A Asociación Galega de Horticultura Urbana: <http://hortaurbana.blogspot.com.es/www.hortaurbana.info>

Compostaxe na UDC: http://www.udc.es/sociedade/medio_ambiente/compostaxe/

Manual de Compostaxe caseira:

http://www.udc.es/export/sites/udc/galeria_down/sociedade/medio_ambiente/compostaxe/manual_compostaxe_caseira.pdf

Plantel hortícola ecolóxico galego:

http://3esquios.blogspot.com.es/2013_03_01_archive.html